



ANEXO IV

ACREDITACIÓN DA ACTIVIDADE CLÍNICA

Débense especificar e xustificar os seguintes datos:

1. Copia do contrato e/ou certificación expedida pola xerencia ou representante legal do centro onde se realizou a asistencia sanitaria, acreditativa dos servizos prestados en Neuropsicoloxía clínica, con expresión das datas de inicio e finalización dos mesmos, tipo de nomeamento ou contrato que o vincule coa institución e dedicación horaria.

Ou ben, certificación expedida pola Xefatura de Servizo ou responsable da Unidade asistencial, na que se faga constar os servizos prestados no posto no ámbito da Neuropsicoloxía Clínica, incluíndo unha descrición detallada das actividades realizadas pola persoa interesada, así como todos aqueles datos complementarios que sirvan para facilitar á Comisión un axeitado coñecemento das capacidades, habilidades e formación adquirida pola persoa solicitante durante o desempeño de seu posto.

2. Para as persoas con exercicio profesional por conta propia, acreditarase mediante a presentación de certificación de actividade expedida pola Axencia Tributaria e/ou alta en autónomos; o informe de alomenos dous/dúas profesionais no que consten as funcións levadas a cabo no ámbito da Neuropsicoloxía Clínica; e/ou outros documentos que xustifiquen a actividade profesional (publicidade, informes rexistrados, etc.).
3. En todos os casos presentarase memoria de actividades segundo anexo V.